

TEMA 6

ARTE PRERRÓMANICA HISPANA: HISPANOGODA, ASTURIANA E DO SÉCULO X.

1. Contexto histórico-artístico

2. Arquitectura hispano-goda ou visigoda.

2.1. Características da arquitectura visigoda

2.2. Prácticos:

Santa Comba de Bande.

San Pedro de la Nave.

3. A arquitectura asturiana

3.1. Características da arquitectura asturiana

3.2. Práctico:

Santa María del Naranco.

4. A arquitectura do século X ou *Mozárabe*

4.1. Características da arquitectura do século X

4.2. Práctico:

San Miguel de Celanova.

1. MARCO HISTÓRICO-ARTÍSTICO

VTR 1: Arte Prerrománico. Introducción (8,22)

<https://www.youtube.com/watch?v=NKTnXRnZtyo>

No **século IV** prodúcese dentro do Imperio Romano unha serie de **transformacións económico-sociais**, **decadencia da parte occidental do Imperio** e **rexurdimento da parte oriental** (futuro Imperio Bizantino), **expansión do Cristianismo**, presión e posterior instalación dos **pobos xermánicos**, etc. que acabaron **desintegrando o Imperio Romano** dando lugar ós **primeiros séculos da Idade Media** (fase inicial do modelo feudal).

Cando no **século V** os **pobos bárbaros** **atravesaron os límites do Rin** e se internaron no Imperio Romano de Occidente, trouxeron consigo un **período de inseguridade**. O poderoso exército romano xa no pudo facer fronte aos pobos invasores. Cada unha das **provincias do imperio tivo que defenderse de forma autónoma**. Os pobos invasores **entraron de forma masiva no imperio**. Uns preferiron aceptalos e outros trataron de facerlles fronte. Foi un momento de **vacío artístico** xa que os pobos **preocupáronse doutros aspectos máis importantes**. Este período durou máis ou menos, **finalizando cando os invasores se asentaron definitivamente**. Este primeiro momento de escaseza de obras artísticas coñécese como **primeiro románico**.

No mundo artístico, esta **época de transición** significará o **paso das formas da última arte romana á creación dunha nova arte europea de trazos orixinais** e que non se consolidaría ata a aparición do gran estilo continental: **o románico**.

Este **período de transición durou varios séculos** marcado por varios estilos artísticos:

- A **arte paleocristiá**, herdeira da arte romana e que se convertirá no **vehículo de difusión do Cristianismo** e do Imperio Romano no s. IV

- A **fusión da tradición cristiá-romana e da xermánica** deu lugar a formación dunha arte orixinal, non unitaria, denominada **arte prerrománica** que se corresponde cronolóxicamente na **Europa altomedieval** cos séculos **V a X**, ambos incluídos.

Dentro da arte **prerrománica** na **Península Ibérica** diferenciamos:

Arte **hispano-goda ou visigoda** (século VII)

Arte **asturiana** (fins do VIII e comezos do X)

Arte **mozárabe** (dende o século VIII ata fins do século XI)

En **Europa** desenvólvense a arte **carolinxia** e a **otoniana**.

Na **Península Ibérica** os pobos xermánicos que formaron **reino** foron os **suevos** (noroeste) e os **visigodos**. De aí que a primeira arte a estudar sexa a **hispano-goda**. A chegada e **conquista** da maior parte do territorio peninsular polos **árabes rematou co reino visigodo no 711**.



Desde **comezos do século VIII** a Península aparece dividida politicamente en dúas áreas ben diferenciadas:

- **Al-Ándalus** (Estado árabe).

- Territorio **fóra do dominio árabe politicamente moi dividido**:


Noroeste e norte, no territorio correspondente á **vella Gallaecia romana** nacería o **Reino de Galicia** ou **Reino Galaico-astur**, que irá ampliando o seu territorio cara o sur *liderado* pola monarquía galaico-astur e a nobreza feudal (séculos VIII-X).

No **norleste**, ou área pirenaica, iranse conformando o **Reino de Navarra** e numerosos **condados aragoneses e cataláns**, primeiro **baixo a influencia** uns, e baixo o dominio outros, dos **carolinxios**. No **século X** (libres do dominio carolinxio) consolídanse politicamente, **Aragón como reino** e os **cataláns como condados independentes**.

En definitiva, entre os **séculos VIII, IX e X**, noroeste, norte e nordeste aparecen divididos politicamente nos chamados **Reinos Cristiáns** que irán **consolidándose e ampliando o seu territorio cara o Sur fronte ao Al-Ándalus musulmán** (Emirato e Califato de Córdoba).

En séculos posteriores (**XI-XII-XIII**) consolidaranse varios reinos:

- Reino de Galicia, León e Castela.
- Reino de Navarra
- Reinos de Aragón e Valencia e condados cataláns baixo o mesmo rei.
- Reino de Portugal.



2. ARTE HISPANO-GODA OU VISIGODA (século VII)


2.1. Características da arquitectura visigoda.

Plantas: Predominan as plantas centrais, de cruz grega ou cruz latina inscritas nun cadrado ou nun rectángulo, con **ábsidas de formas cadradas** cara dentro e cara fóra. Utilizan **pórticos de entrada** que sobresaen das plantas.


Arte Visigodo

Segunda Etapa
587-711


- San Juan de Baños**, Palencia, 661. Planta basilical con tres naves separadas por columnas y rematadas por tres ábsides cuadrados e independientes. Porche de entrada en la nave central.
· Al exterior es austera, pocos vanos en arcos pequeños y muro liso. En cambio al interior destaca la calidad de sus capiteles
- Santa Comba de Bande**, en Orense, con planta de cruz griega inscrita en un cuadrado y bóveda de arista en el crucero. Porche de entrada y ábside fuera de la planta.
- San Pedro de la Nave**, Zamora, con planta de cruz griega inscrita en un rectángulo: tres naves longitudinales atravesadas por un crucero que sobresale al exterior y ábside fuera de planta.
- Quintanilla de las Viñas**, Burgos. Sólo queda el ábside y el crucero pero era una planta basilical de tres naves con crucero inscrito y porches en los extremos del crucero




San Juan de Baños



Santa Comba de Bande




San Pedro de la Nave



Quintanilla de las Viñas

Materiais: Utilizan a **pedra cortada a cantería** de bastante calidade, colocada a **soga e tizón**. Nalgúns casos usan o **ladrillo para as bóvedas** seguindo a tradición romana.



San Pedro de la Nave


Muros: son **moi grosos** e, aínda que hai excepcións, presentan **poucas ventás** sendo pequenas e creando interiores escuros (**anticipo do Románico**).

Soportes: o seu soporte preferido é a **columna** aínda que tamén empregan **piares**. Soen utilizar **columnas de orden corintia** tratadas máis torpemente cás romanas. Tamén utilizan **capiteis tronco-piramidais** invertidos de orixe bizantina e incluso **capiteis historiados** (decorados con figuras humanas ou animais) que serán un claro precedente dos capiteis historiados románicos).




San Pedro de la Nave

Arcos: empregan o **arco de ferradura**, non moi pechado (elemento sen precedentes na arquitectura hispana).



Arco de herradura de San Juan de Baños

Bóvedas: de **canón**, xerada por arcos de ferradura; e de **arestas** para o cruzamento das naves.



de cañón;



de arista.

O **espazo interior**: é moi **austero e está moi compartimentado**. As **reducidas dimensións** dos templos non evitan **certa complexidade estrutural** característica: son **edificios pequenos, pechados, intimistas** – quizais polo seu **carácter monástico** en moitos casos- que **destrúen o espazo diáfano** para fragmentalo en **pequenos ambientes**, en relación cunha **práctica ritual de tendencia ocultista** ou canto menos xerarquizada que arredaba drasticamente o clero dos fieis.

Neste esquema, formado por **pequenos espazos individuais adosados** entre si, combínanse **dúas organizacións**: dunha banda, unha **marcada direccionalidade axial**, que converte a **nave no lugar predominante** e a **ábsida, centro litúrxico, no foco espacial**. Doutra banda, o papel do **ciborio** como **centro arquitectónico**, complementario do eixe lonxitudinal, que introduce certa centralizade no espazo.

O **espazo exterior**: non adoitan empregar **contrafortes**. Exteriormente nas construcións hai un predominio de **volumes cúbicos**, dando a sensación de **compartimentación, de cubos adosados** a mesma sensación que se produce interiores.

Pobreza das construcións: as construcións presentan un **aspecto pobre**, sendo xeralmente de **pequenas dimensións**: isto é lóxico se temos en conta o **declive económico** presente na época, que fai que **non existan grandes recursos para empregar nas construcións**. Ás veces, para superar lo aspecto pobre, **decoran os muros con motivos xeométricos e vexetais** de orixe goda ou con motivos de orixe paleocristiá como as uvas.

VTR 2: Arte visigodo e musulmán (7)

<https://www.youtube.com/watch?v=Ns9c58qZ2Cc>

2.2. PRÁCTICOS:

SANTA COMBA DE BANDE.

1. Clasificación.

Arquitectura **religiosa hispanogoda** en Galicia, **século VII** (680) durante o reinado do rei Wamba.

A igrexa de Santa Comba é o **resto dun mosteiro**, polo tanto, pequena igrexa monástica situada en **Bande na provincia de Ourense**. Foi reconstruída no século IX.






2. Contexto Histórico. Parte do apartado 1 ademais dos seguintes datos:

A **Península Ibérica foi ocupada** de xeito sucesivo, nunha primeira vaga de **pobos xermánicos**, polos **suevos**, os **vándalos** e os **alanos**. Posteriormente, os **visigodos ocuparon de forma definitiva o centro da Península** e constituíron un **estado** -no que se **fusionaron elementos romanos e visigodos**- con **capital en Toledo**.

Os sucesivos monarcas visigodos **intentan integrar toda a poboación existente**, pois profesaban **dúas relixións distintas** (catolicismo e arrianismo – herexía cristiana que negaba que Xesús tivera a mesma divindade que o Deus Pai) e **mantiñan leis diferentes**. Esta problemática resólvese coa **creación dunha lei común** (***Liber Iudicorum***) –corpo de leis visigodas territoriais dispostas por Recesvinto en torno o ano 654) e coa **conversión masiva dos visigodos ao catolicismo a partir do rei Recaredo** (589).



Con esta unidade comezan a aparecer as **primeiras edificacións visigodas na Península**. Os **mellores exemplos** conservados localízanse nas **áreas rurais do norte**, mentres que a metade sur onde se situaban os centros urbanos importantes cunha tradición cultural maior (Mérida, Toledo e Córdoba) ofrece un inventario máis fragmentado.

Entre as igrexas que manteñen as trazas orixinais case que completas salientan **Santa Comba de Bande** (Ourense), **San Xoán de Baños** (Palencia) e **San Pedro da Nave** (Zamora). Na súa meirande parte son **pequenos templos de tipo monástico, parroquial**, conmemorativo e mesmo rupestre. **Non adoptan unha tipoloxía uniforme** relacionada coa súa función.



3. Análise formal e técnica.

- **Planta**. De cruz grega inscrita nun cadrado do que sobresaen un pórtico nos pés e unha ábsida ou capela maior na cabeceira (ambos cadrados). No brazo lonxitudinal presenta unha soa nave o mesmo que no transepto. Posuía cámaras ou estancias anexas á nave lonxitudinal e ó transepto nas que se organizaba a vida da comunidade dos monxes aquí establecido. O acceso ás cámaras sería desde o interior da igrexa. Destas cámaras só se conserva á situada ao noroeste. A súa función está en relación cunha liturxia na que existe unha gran separación entre o pobo, os monxes e o presbítero, que ocupaban respectivamente, a nave, o coro e o altar.



- **Cubertas**. Posúe un abovedamento en ladrillo con bóveda de canón na nave lonxitudinal e no transepto, bóveda de arestas no cruceiro (espacio cadrado que se forma polo cruce da nave lonxitudinal e do transepto) e bóveda de ferradura na ábsida ou capela maior ó que se accede a través dun arco de ferradura que se apoia sobre dous pares de columnas. Na reconstrución foron alterados: o abovedamento, as ventás superiores que iluminan a igrexa e que son arcos de medio punto e o pórtico de entrada.

- **Interior**. Delimitan o tramo central e sosteñen o ciborio catro vigorosos arcos de lixeira ferradura e desiguais doelas que se apoian nos muros mediante



impostas sogueadas ou cordiformes adornadas con acios e follas semellantes á flor de lis. Esta moldura repítese no arranque das ventás, no inicio das bóvedas e nos muros laterais.

O arco triunfal que comunica o presbiterio coa nave é de ferradura e apóiasse nun par de columnas de mármore a cada lado con fustes lisos e levántase sobre basas.

Os capiteis pertencen a diferentes momentos e estilos, recordan o corintio. Sobre o muro da ábsida vai un muro con celosía formado por pequenos arcos superpostos.




- **Muros**. Están realizados con **pedras irregulares de cantería** asentadas sen masa. Parece ser, segundo algúns investigadores, que **esta irregularidade** na colocación dos bloques de cantería **non é propia dos canteiros hispanogodos**, sendo responsabilidade dos restauradores do século IX.



- **No exterior**, detrás do pórtico, levántase unha **estrutura arquitectónica onde se colocan as campás**: chámase **espadana**. O cruceiro, que interiormente está cuberto cunha bóveda de arestas, cóbrese ó exterior cunha estrutura cúbica chamada **ciborio**. O exterior da igrexa resulta harmónico.

Os **volumes en altura organízanse de modo xerárquico con dimensións regulares**. É de gran austeridade xeométrica.

Pénsase que é o **único exemplo en Galicia da época visigoda** e encóntrase **entre as mellores obras hispanogodas da Península**.



4. Conclusión

Debes elaborar unha conclusión por ti mesmo/a.

SAN PEDRO DE LA NAVE (Zamora)


1. Clasificación.

Arquitectura **religiosa prerrománica**, hispanogoda, s. VII, durante o reinado de Ervixio.
A obra é **San Pedro de la Nave**.

2. Contexto Histórico. O mesmo de Santa Comba de Bande.

3. Análise formal e técnica.

- **Planta.** É o resultado do compromiso entre a **planta basilical e central** (unha **cruz a medio camiño** entre a grega e a latina inscrita nun **rectángulo**). De **tres naves**, separadas por **piases e transepto**, que se prolongan cara á cabeceira en nave única flanqueada por cámaras e **rematada na capela maior rectangular**. A planta debuxa un **rectángulo desbordado pola capela maior e un pórtico a cada lado do transepto**. O transepto está máis cerca da cabeceira que dos pés o que acentúa o carácter basilical das naves. Ten dúas entradas, unha por cada pórtico e pequenos vans nos pórticos e na cabeceira.



- **Soportes e cubertas.** O primeiro soporte é o **muro**, tamén **piases e columnas**, estas últimas teñen sobre todo, un papel decorativo e aparecen arrimadas. O **muro é macizo con pequenos vans**.


As **cubertas** son de distinto tipo:

As **tres naves** antes do transepto e o tramo central do cruceiro (onde se sitúa o ciborio) están cubertas con **armadura de madeira**.

A partir do **transepto** úsase a **bóveda de medio canón** e o ladrillo na **nave e os brazos do cruceiro**

A ábsida leva **bóveda de ferradura**.

Os arcos son de ferradura con dúas doelas por clave.



- **Material.**

Emprégase a **pedra cortada en bloques regulares de cantería** e tamén o **ladrillo nas bóvedas de medio punto**.

- **Interior e exterior.**

O espazo **interior** aparece **recortado**, descontinuo pero **alixeirado polos numerosos vans e arcos** entre as partes. A zona do altar está ben diferenciada e en lugar preferente. As **estancias da cabeceira comunican coa nave** polas **portas e ventás de triplo arco**.

Ó exterior, os volumes non reflicten o espazo interior:

- As **estancias**, de igual altura que as naves colaterais, **aparecen como continuación destas**.
- Os **pórticos** como **continuación dos brazos do cruceiro** porque sobresaen do rectángulo.
- **Tampouco se deixa adiviñar os distintos tipos de cubertas**.

Polo tanto, o exterior debuxa como unha **cruz latina con brazos prolongados nos pórticos**. A **capela maior sumada á nave** ten sensiblemente, a **mesma lonxitude que os brazos dos pórticos**. As distintas alturas do muro danlle un certo valor plástico.



- **Decoración.** Contrasta un **exterior austero** con un **interior coidado a nivel decorativo**. Os muros do templo están percorridos por **fraxas decoradas** con círculos, sogueados, esvásticas, rosáceas, cruces, ácidos, rostros, aves picoteando, (...).

Tamén forman parte da decoración os **capiteis en tronco de pirámide invertida** decorados con representacións **vexetais e animadas**. De especial interese son os capiteis nos que se representa en baixo relevo o *Sacrificio de Isac* e o de *Daniel no foxo dos leóns*.

No primeiro, **Abrahán dispónse a sacrificar ó seu fillo Isac** ó que agarra polo cabelo e inclíno sobre o altar. A poderosa man de Llavé que sae das nubes interrompe a acción. Detrás de Abrahán aparece o carneiro enredado na vexetación.

No segundo capitel, **Daniel está de pé cos brazos alzados** en postura de orante entre dous leóns que beben a auga representada ás súas plantas. Tamén aparecen os apóstoles Tomás e Filipe ademais dunha inscrición.



Sacrificio de Isac.



Daniel no foxo dos leóns.

Capiteis de San Pedro de la Nave

4.- Conclusión.


San Pedro de la Nave, de finais do século VII, **sintetiza a serie de experiencias arquitectónicas** emprendidas dentro desa complexa realidade chea de tensións que é o reino visigodo. **Recole elementos de distintas culturas: romana, paleocristiá, xermánica e musulmá.**

3. ARQUITECTURA ASTURIANA

3.1. Características xerais da arquitectura asturiana.


Triúnfan as **construcións relixiosas** (igrexas), aínda que dado o poder da monarquía, tamén destacaron as construcións civís, especialmente os **palacios**.

- **Plantas:** **basilicais con tres naves, transepto** (que non sobresae na planta) e **tripla ábsida** (que tampouco sobresae). Tamén poden ser **dunha soa ábsida rectangular** por dentro e por fóra. Poden existir **pórticos na entrada principal ou nas laterais**.



- **Materiais:** menos coidados cós visigodos, **son pobres** condicionados pola zona. Utilizan a **cachotería** e resérvase a pedra de cantería para as partes onde hai máis presións: ventás, portas, contrafortes, esquinas. Ás veces utilizan **ladrillo nos arcos**.

- **Arcos:** de **medio punto**, en moitos casos **peraltados**, e ventás de **arcos xeminados** (xemelgos) dobres ou triplós.



- **Cubertas:** poden ser de madeira ou abovedadas, destacando o uso da **bóveda de canón con arcos faixóns**. Claro anticipo e ensaio de **solucións románicas** (os arcos faixóns separan a bóveda en tramos e axudan a soste-lo seu peso). Este tipo de bóveda vaise xeneralizar en Europa a partir do século XI e en Asturias xa se utiliza no IX.



- **Soportes:** empregan **piases cadrados ou columnas** agrupadas de catro en catro con **capiteis corintios ou tronco-piramidais invertidos**, decoradas tanto no fuste como nos capiteis con **motivos de sogas**, que é o **modelo decorativo máis característico da arquitectura asturiana**, xunto con **medallóns** que colgan de cintas e que percorren os muros verticalmente. Tamén soportan os **muros reforzados cos arcos cegos ou contrafortes**.



Santa Cristina de Lena



Santa María del Naranco

- **Exterior:** empregan **altos contrafortes**, pero en moitos casos non teñen unha función construtiva senón que están empregados como **elementos decorativos e que acentúan a verticalidade**. As construcións son de **pequeno tamaño pero parecen máis grandes debido á enorme altura** que alcanzan e que se acentúa polos contrafortes.




San Miguel de Lillo (Oviedo)





San María del Naranco (Oviedo)

EL ARTE PRERROMÁNICO PENINSULAR: EL ARTE ASTURIANO (S. VIII-IX).



VTR 3: Prerrománico asturiano (28,47)

<https://www.youtube.com/watch?v=t3eOd5I0RxE>

3.2. PRÁCTICO:

SANTA MARÍA DO NARANCO

1. Clasificación.

Arquitectura prerrománica asturiana, período ramirense, século IX (842-850).

2. Contexto Histórico.

A comezos do século VIII (711-714), a Península Ibérica queda dividida politicamente en dúas áreas diferenciadas:




- Área baixo o dominio árabe, Al-Andalus.
- Área fóra do dominio árabe, o Norte, Noroeste e Nordeste, cristiá.

A desaparición da monarquía visigoda no Norte e no Noroeste deu paso á formación da monarquía galaico-astur que medra lentamente en territorio e poder e loitaría por se converter nunha entidade política independente con capital en Oviedo.

No século IX, o descubrimento de Sartego do Apóstolo contribúe a consolidar a independencia do reino galaico-astur e a lexitimar a monarquía. Santiago de Compostela proclámase como o segundo centro do Cristianismo en Occidente fronte ó Islam, á sé primada de Toledo e ó mesmo imperio Carolinxio, aliado fiel da Igrexa de Roma.

O reino vai gañando territorio cara ó sur fronte ó Islam (val do Douro,...), e no século X, tralo reinado de Afonso III, trasladan a capital a León. A partir de agora, Galicia, León e posteriormente Castela estarían unidas intermitentemente na persoa do rei, pero seguían sendo reinos distintos.

No espazo astur desenvólvese a chamada *arte asturiana*. Desde o punto de vista económico-social, o modelo feudal segue a consolidarse.



SANTA MARÍA DEL NARANCO. PLANTA

1. SALA PRINCIPAL
2. MIRADORES LATERALES
3. PÓRTICO NORTE
4. ESCALERAS DE ACCESO

3. Análise formal e técnica.

Era un **palacio**, pero os reis (Ramiro I e Paterna) **conscientes da súa beleza arquitectónica e paisaxística, ofrecéronllo a Santa María** de aí o altar e a inscrición. A **función primeira**, polo tanto, **marca a súa estrutura en planta e en alzado** (belbederes, pavillón de caza, Aula rexia,...). Está en relación con outros palacios europeos desta época, sobre todo carolinxios.


- **Planta.** É rectangular con unha soa nave na que se observa a presenza de **arcos faixóns**. Adosados á nave, nas partes curvas do rectángulo (fachada principal e posterior) aparecen **dous pórticos ou miradoiros**. E nas partes longas (fachadas laterais) **dous miradoiros**, un deles con **escaleiras de dobre rampla**. Consta de **dous pisos ou andares** que teñen como base un zócalo que recorda ó podio clásico. Os pisos están **divididos cada un en tres estancias** e a súa forma rectangular marca a direccionalidade lonxitudinal.




- **O piso ou planta inferior.** As estancias laterais de planta inferior **carecen de bóveda** e as tres **teñen entrada independente desde o exterior do edificio**. Esta planta actúa con respecto á nobre a modo de basamento. A estancia central cóbrese con **bóveda de medio canón** sobre os arcos faixóns que arranca do zócalo cerca do chan. Esta parte central sería para a **garda e a servidume** e os **extremos** estarían **ocupados por un baño a un lado e unha capela privada** ó outro.



- **O piso ou planta nobre** repite a distribución da baixa. Está **totalmente abovedada**. Accédese ó **piso nobre por unha escaleira exterior de dobre rampla**, unida ó muro no centro do **lado Norte**. No **lado oposto** – ó sur- unha tribuna que se cobre con un **pavillón igual ó do Norte**. A sala central do **piso nobre comunica cara o leste e o oeste con salas que son miradoiros** (belvederes) abertos á paisaxe por unha **tripla arquería peraltada sobre columnas corintias**. Está cuberta con **bóveda de medio canón e dividida en oito tramos**, simétricos e iguais pero **decrecentes desde o centro cara ó muro**. Articulan o **muro norte e o sur arcos cegos** que descansan en columnas de fuste sogueado e capiteis divididos en sectores triangulares decorados con corda ou sogueado. Esta sala **parece ser que sería un salón real reservado ó rei e á súa corte**. Non hai coincidencia na función concreta: para uns, **salón do trono**; para outros, **salón de festexos**; e para outros, **sala de cerimoniais relixiosas**.



Os miradoiros oriental e occidental comunican coa sala central a través de **tres vans alintelados** baixo arcos de medio punto. **Combínase, polo tanto, arco e lintel**. Encima do arco central, unha ventá. Os miradoiros amosan **triplo arco de medio punto**, lixeiramente **máis amplo o central e encima ventá tripartita**, de medio punto moi peraltado. Cintas colgadas desde o aleiro das que penden **clípeos** (escudos) e tamén **cruces asturianas que decoran e acentúan a verticalidade do edificio**.



- **Exterior**. Esveltos **contrafortes** percorren toda a altura, e **contribúe á sustentación de toda estrutura abovedada**, están xusto onde a estrutura os precisa para **estribar a bóveda de canón** (hai unha correspondencia entre os arcos faixóns e os contrafortes).

Destaca, nas fachadas leste e oeste, a organización do muro dos **miradoiros**: divídese a ampla superficie en tres pisos por longos **bloques de pedra de cantería** adornados con estrías. O primeiro e o segundo piso case se corresponden coa división interna, o terceiro é falso.

Ós elementos de decoración horizontais hai que lle engadir **elementos verticais: bandas rematadas en grandes medallóns**, iguais ós interiores, **sobre as enxutas dos arcos do miradoiro**. O reparto dos vans nestas fachadas dá posibilidades ao **claroscuro** totalmente novas na arquitectura ata agora.

4. Conclusión.

Nesta obra queda de manifesto, polo tanto, o **alto dominio técnico**:

- **Abovedamento** total.
- Emprego de **arcos faixóns** cos correspondentes **contrafortes** que percorren toda a altura e contribúen á sustentación.
- Rudimentarios **piases** nos soportes dos miradoiros.
- **Arcos cegos** articulando os muros.
- Combinación de **arco e lintel nos vans que comunican a sala central cos miradoiros**.
- **Muros macizos**.
- Efectos visuais de **aumento de profundidade**.
- Ritmo vertical: **contrafortes, cintas, vans...**
- Repertorio de **elementos decorativos de distinta orixe**: oriental, romano, irlandesa (...)

En definitiva, para o románico só falta un paso.

4. ARQUITECTURA DO SÉCULO X OU MOZÁRABE

Se denominaba *Mozárabe* á **población cristiana (de origen hispanovisigodo), que vivía no territorio de Al-Andalus.**

VTR 4: Arte mozárabe (2,43)

<https://www.youtube.com/watch?v=lbety7enJBs>




4.1. Características xerais.

A **arquitectura é a manifestación artística máis destacada** denominada mozárabe ou de repoboación. Tamén acadou grande importancia as **miniaturas**, é dicir, a **ilustración** de libros con pinturas, chamados **Beatos**, porque conteñen os comentarios ó Apocalipse de San Xoán do monxe chamado o **Beato de Liébana** (monxe mozárabe).

A **arquitectura do século X** recibe a **dobre influencia da arte hispano-árabe e cristiá**. As súas **características** (aínda que ten moitas variedades) **son as seguintes:**

Destacan as igrexas: as que se encontraban en **Al-Andalus** foron destruídas polo que **as que se conservan se sitúan no norte da Península** –incluíndose no contexto da repoboación– aparecendo en diversos lugares, aínda que **destacan as da fronteira do val do Douro**, as de **Galicia** e as de **Cantabria**.

Plantas: gran **variedade**, as **basilicais** (como as asturianas) ata as **centrais** (como as hispanogotas). As **ábsidas** adoitan ter **planta cadrada no exterior** e de **ferradura no interior**.



Arcos: de **ferradura** de influxo islámico, é dicir, **bastante pechados** e en moitas ocasións **enmarcados polo alfiz** (moldura cadrada ou rectangular que rodea o arco), tamén de orixe árabe.

Cubertas: **alinteladas** (xeralmente de madeira) nas naves, e **abovedadas** nas ábsidas, usando bóvedas de orixe islámica: gallónadas, de ferradura ou de nervios (arcos que percorren a bóveda), estas últimas de clara inspiración cordobesa (da Mesquita de Córdoba).



- **Soportes:** destacan os piares, ás veces **compostos** (con columnas arrimadas), e as **columnas corintias**.

- **Materiais:** en xeral **pobres** (igual que na arquitectura islámica): cachotería e ladrillo que logo recobren con encalados.



- **Muros:** **moi grosos**, **sen a penas ventás** e con aspecto **macizo**. Os **vans son pequenos** e irregulares o que provoca zonas con diferente iluminación

- **Exteriores:** **non adoitan empregar contrafortes**. Debaixo dos aleiros dos tellados empregan uns soportes chamados **modillóns** (de orixe islámica) que son o precedente dos canzorros románicos. **Aspecto austero** das construcións, con **pouca decoración**. Érguense **torres-campanario** para chamar aos monxes á oración.

4.2. PRÁCTICO

SAN MIGUEL DE CELANOVA

1. Clasificación.

Arquitectura relixiosa **prerrománica monástica**, do século X (942) sendo o rei Ramiro II. Algúns autores considéranla **arquitectura mozárabe**.

No lintel deste **pequeno oratorio do mosteiro** homónimo aparece unha inscrición na que Froila, o irmán de San Rosendo e probablemente o seu promotor, invita á oración. Ámbolos dous eran membros dunha familia nobre, por iso Froila puido ceder os terreos para o mosteiro.

2. Contexto histórico.

A **arte do século X** constitúe a **derradeira prerrománica** antes de que, pouco **despois do ano 1.000**, eclosione o **primeiro estilo europeo, o Románico**. Na Península Ibérica a situación política ofrece un panorama complexo:

- En **Al-Andalus**, o estado **Omeia** acada co **Califato cordobés** o seu cume político, económico e artístico. En **Córdoba**, o **luxo e refinamento do pazo de Medina Azahara** ou a **última ampliación da Mezquita** manifestan a **elevada calidade técnica e a riqueza estética** da arte hispano-árabe.

- No **Norte**, os distintos reinos e territorios cristiáns – **reino galaico-leonés, Navarra, Aragón e a Marca Hispánica**– a penas resisten o empuxe da evidente superioridade económica e militar do califato, mantendo a independencia nominal de pequenos satélites de Córdoba. A orixinal arquitectura asturiana con un alto nivel de calidade e personalidade propia, tiña esgotada a súa vitalidade desde finais do século IX.

A **arquitectura cristiá peninsular do século X** recibiu o nome de **mozárabe**. Os **Mozárabes foron os cristiáns que seguiron vivindo no territorio conquistado polos árabes permanecendo fieis á súa relixión**. A **tolerancia musulmá** de ningún xeito forzou á conversión dos vencidos. A maioría convertíronse pola **atracción da cultura árabe, motivación económica e ascenso social**. Sen embargo, aínda tolerando en Al-Andalus o culto cristián, **os musulmáns prohibiron erguer novos templos**, polo que **os mozárabes deberon continuar utilizando os da época hispanogoda**. Aínda que a **prohibición puido ser burlada nalgúns casos**, as destrucións posteriores e a propia escaseza de novas construcións explican que moi poucos poidan ser cualificados de mozárabes, **definición que en rigor** soamente poderíamos aplicar ás igrexas construídas en Al-Andalus ata o século XI.

A arte *mozárabe* ou do século X encontrámola en **Galicia, Norte de Portugal, León, parte de Castela, Aragón, Cataluña** e esporadicamente no territorio árabe. Isto é así porque **os monarcas dos reinos cristiáns**, sobre todo os **astur-leoneses**, **potenciaron a migración dos mozárabes** para os territorios conquistados ao **outorgarlle terras aos nobres e sobre todo aos monxes católicos**. Os monxes desenvolveron un auténtico **movemento monástico mozárabe** e instaláronse durante o século X en territorios dos reinos cristiáns e fundaron mosteiros illados dos núcleos de poboación. Son os denominados *monxes repoboadores*.




Pero os repoboadores viñeron tamén do propio Norte, polo que, a **arte que crearon mestura tradicións hispanogotas con asturianas**, e influxos árabes con europeos.

Os restos actuais son **pequenas igrexas monásticas e rurais que deben moito ao pasado hispanogodo**, pois os mozárabes estaban afeitos a **reparar igrexas antigas mellor que facer novas**.

Entre as igrexas máis importantes podemos salientar ademais de **San Miguel de Celanova**, a de **San Miguel de Escalada en León**, de planta basilical con iconostase separando o transepto da nave.

Tres ábsidas circulares abovedadas incrustanse no muro do testeiro rectangular. Unhas arcadas de ferradura sobre columnas afástana da tradición asturiana, dándolle un refinamento grácil alleo a esta arte. Incorpora un pórtico na beira sur polo que se entraba no templo.




3. Análise formal e técnica.

Foi construída dentro do claustro do mosteiro de Celanova fundado por **San Rosendo no 936**. É case como un símbolo, é un **pequeno templo en honor de San Miguel Arcanxo**. Ten o aspecto dun **pequeno refuxio**, construído en **pedra de cantería**.

A función deste templo é a de **servir de oratorio aos monxes** seguindo as prácticas orientais adoptadas polos monxes bieitos.

Dimensións: mide 8,50 m. por 3,85 m. de planta e 6 m. de altura.

- **A planta** é de **nave única** formada por **nave, cruceiro e ábsida**; tende a conformar un **esquema centralizado** no que o centro arquitectónico do edificio ten **forma de cubo** con catro ventás orientadas cara os catro puntos cardinais. Os tres espazos que forman este oratorio (**ábsida, cruceiro e nave**) son **unidades independentes**.




- **As cubertas** son bóvedas diferentes en cada parte de San Miguel. A **nave pequena** cóbrese con **bóveda de canón** que arranca dunha sinxela imposta que se prolonga tamén polos pés. O **espazo central**, máis elevado cós outros dous e con ventás a cada un dos lados, cóbrese con **bóveda de arestas**. E, a **bóveda da ábsida** é unha especie de **cúpula peraltada** con sección de **ferradura** e **dividida en gallos**.



- **Arcos.** O **arco de acceso á ábsida** é de **ferradura** e amosa un influxo musulmán: as grandes doelas están perfectamente ensambladas e asentadas na masa; **enmárcase nun alfiz** o mesmo que en Peñalba e **recorda ó do mihrab da mesquita de Córdoba**. O outro arco entre a nave e o cruceiro é dobre (segunda arquivolta) e tamén de ferradura.

- **Exterior.** Destaca o **aparello de cantería granítica**, asentada en seco de **desiguais dimensións**; as **pezas do maior tamaño para as esquinas** (influencia árabe). Pero o máis interesante é a **gradación de volumes** de cada un dos compoñentes do edificio **xerarquizados a partir do núcleo central**. Hai unha **total correlación entre exterior e interior**, imponse polo tanto, a **xeometría do cubo**. Leva **contrafortes no medio do cruceiro e cara os pés e tamén modillóns saíntes**. Cada modillón está formado por **oito rolos que se decoran con rosetas de seis pétalos**, elementos empregados noutras obras mozárabes. Na parte superior dos muros da ábsida dispóñense **ladrillos nos que se labran dentes de serra**.

Non existe fachada principal e o acceso efectúase por unha simple porta cara ó sur.



4. Conclusión:

Debes elaborar unha conclusión.